

# OS COTOS

OUTUBRO  
2022



O tempo vai pasando e tes agora nas túas mans esta folla parroquial número 200.

Igual xa non nos lembramos, pero no mes de febreiro do ano 2006, naquel primeiro número da folla parroquial presentabámola con estas palabras:

**C**ando fai tres anos naceu a Unidade Pastoral d'Os Cotos, anunciabamos coma un obxectivo fundamental a procura de unha meirande comunión entre as dez parroquias que a formaban; esta folla que tes nas mans, OS COTOS, quere ser unha ferramenta máis para coñecernos e querernos mellor.

**Que sirva para un maior coñecemento** da vida das distintas comunidades.

**Que teña vocación de servizo**, informando das distintas actividades.

**Que axude a tender pontes** entre nós, de novos a maiores, de homes a mulleres, dunha parroquia a outra.  
Benvido, benvida.

Despois de tantas follas parroquiaais compartidas queremos dar as grazas por todas as persoas que dan unha man para que siga sendo posible, tanto neste formato de papel, como na páxina web [oscotos.eu](http://oscotos.eu)

Moitísimas grazas. E seguimos ...



200 Folla  
informativa para  
a comunidade  
cristiá

## "Un contiño para vivir" "CORAZÓNS"

Intentaba manter o ritmo que sempre tiña, pero agora, a pesar dos seus esforzos, non podía. Era maior, o seu corazón sabíao, por iso andaba moi amodo.

"Toc toc toc toc..."

Dous corazóns de mediana idade pasaron por diante del, facendo os seus negocios sen reparar nel.

"Toc toc toc toc..."

Mirounas e enseguida lle viñeron á cabeza moitos recordos.

"Saberán que a vida pasa nun suspiro?" E seguiu camiñando moi lentamente. Perdido nos seus pensamentos.

Tres corazóns mozos ruidosos pasaron por alí e case o derrubaron ao pasarlle.

"Toc toc toc toc..."

"Que enerxía!" Sequera notarán o paso do tempo? pensou o vello corazón para si.

Cando o corazón dun neno pasaba ao seu carón, o vello debuxou un sorriso no seu rostro e marchou por unha rúa pensando no rápido que pasa a vida.

E	O	U	R	I	Z	O	Y	U	K
C	E	M	P	A	N	A	D	A	F
U	A	S	S	A	L	L	O	F	K
S	H	S	J	B	Ñ	M	O	V	S
D	T	J	T	A	E	G	N	M	E
F	G	I	O	A	I	F	O	G	T
S	T	R	Y	F	Ñ	W	S	P	A
L	A	R	E	I	R	A	X	L	S

OURIZO  
CASTAÑA  
FIGO  
EMPANADA  
FOLLAS  
LAREIRA  
SETAS  
SONO

Son palabras relacionadas co tempo  
do outono.  
Seguro que traen máis de un recordo.

## **SANTO PARA O MES** **en outubro, día 1,** **BREIXO**

Nome de orixe latina, de "verísimus", superlativo de "verus" certo. Sería un dos casos de superlativos convertidos en antropónimos como "Máximo", "Felicísimo", etc.

O seu significado orixinal é "sincero, que conta a verdade".

É un santo de orixe portuguesa, que morreu mártir en Lisboa no século IV. Recórrese a el contra, e é avogoso do gando e da produción de leite.

É patrón do concello de Barro, e na nosa diocese temos a parroquia de San Breixo (Verísimo) de Arcos, no concello de Ponteareas.

**CONSELLO**



**“Ama ata que che doa.**  
**Si che doe é un bo sinal.”**  
**Nai Teresa de Calcuta**

# COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



## A festa do Rosario "coroa de rosas"



A celebración da festividade da Virxe do Rosario, o día 7 de outubro, remóntase na igrexa católica ao ano 1572. Foi establecida dentro da liturxia polo Papa Domingo San Pío V. O seu sucesor, Gregorio XIII, contribuíu a difundir a festa ao instituíla naquelas parroquias que posuían cofradía.

Clemente XI estendería a festa a toda a igrexa no 1716. A celebración fixouse no calendario eclesiástico o primeiro domingo de outubro, pero finalmente quedou establecida o día 7 do mesmo mes.

A tradición do Rosario naceu, segundo se di, ao aparecerse a Virxe a Santo Domingo de Guzmán no ano 1208. Ensinoulle a rezar o Rosario, e invitouno a propagar esta devoción. A raíz da instauración do novo rezo, a súa misión evanxelizadora evoluciona, ata o punto de que a súa propia Orde Relixiosa foi aprobada polo Papa Honorio III o 21 de xaneiro de 1217. Tras a súa morte, foi canonizado por Gregorio IX no ano 1234. A Igrexa o considera o pai da tradicional oración do Rosario.



## Unhas palabras do Papa Francisco

### 11 de agosto sobre abusos sexuais na igrexa

"O Abuso de homes e mulleres da igrexa, abuso de autoridade, abuso de poder e abuso sexual é unha monstruosidade. Porque o home ou muller de igrexa, sexa sacerdote, relixioso, relixiosa, laico ou laica, está chamado a servir, a crear unidade, a facer crecer, e o abuso destrúe sempre.

Quero ser moi claro nisto: o abuso é unha realidade trágica de todos os tempos, pero tamén dos nosos tempos". "Unha cousa hoxe clave é a tolerancia cero. Cero. Un sacerdote non pode seguir sendo sacerdote si é un abusador. Non pode actuar porque é un enfermo ou un criminal".

## LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE OUTUBRO

DÍA 2	LECTURA	2 Tim 1, 6-8. 13-14	Mantén como norma as palabras do evanxeo
	EVANXEO	Lc 17, 5-10	Somos servidores.
DÍA 9	LECTURA	2 Tim 2, 8-13	Lémbrete de Xesús Cristo
	EVANXEO	Lc 17, 11-19	Érguete e vaite, salvoute a túa fe
DÍA 16	LECTURA	2 Tim 3, 14 - 4, 2	Mantente firme no que aprendiches e criches
	EVANXEO	Lc 18, 1-8	Deus fará xustiza
DÍA 23	LECTURA	2 Tim 4, 6-8. 16-18	Rematei a carreira, gardei a fe
	EVANXEO	Lc 18, 9-14	A oración sincera e humilde
DÍA 30	LECTURA	2 Tes 1, 11 - 2, 2	No propósito de facer ben e testemuñar fe
	EVANXEO	Lc 19, 1-10	Cristo ven salvar o que estaba perdido